


La experiencia de leer



C.S.Lewis (82.LEW exp)

O autor de “Narnia” e amigo de Tolkien parte da distinción entre bos lectores e malos para, despois, definir un “bo libro” como un lido de determinado xeito. Nas páxinas 91-97 sintetiza a tese da obra e pode ser unha aproximación a ela.


Diccionario de las artes

F. de Azúa (1. AZÚ dic)

Podes saltar duna definición a outra en desorde e comezar por “Artista”, onde se explica que é iso mediante unha estremecedora fábula. Ver logo en “Muerte” o pacto de Orfeo, das artes, coa morte. E, despois, “Rimbaud” (traficante de armas) que, como James Dean, Jim Morrison ou Jimi Hendrix, foi vítima do “síndrome criptocristiano”. E así...



Solaris



S. Lem (821. OO LEM sol)

O psicólogo K. chega á estación espacial de Solaris, un misterioso planeta-océano. Durme e, cando esperta, ve a Harey aos pes da cama: é a súa esposa que se suicidara anos atrás. O planeta, que é intelixente, parece comunicarse con el así. Pero, ¿é Harey un ser humano? ¿Pode a razón humana comprender a intelixencia de Solaris? ¿Está limitada no seu intento de explicar a realidade?



Lectura
Información
Aprendizaxe
Tarefas
Encontros

coa

BIBLIOTECA



Departamento de Filosofía

NOVE PROPOSTAS

2007

Máis información sobre a Biblioteca en:
<http://centros.edu.xunta.es/iesafonsox/>

Os papalagui

T. de Tiavea (821.OU TIA pap)
Hai case un século, un nativo de Samoa viaxa a Bélxica e conta oralmente á volta a súa aventura nunha linguaxe chea de sorprendentes expresións. A crítica aos occidentais (os papalagui) é demoledora. Pero foi un europeo o que pasou o relato por escrito...

El hombre invisible

H.G. Wells (821.IN WEL hom)

Inquietante historia na que Wells relata como un home bondadoso faise invisible e, coa invisibilidade, malvado, chegando ao feito de entregarse ao crime para conseguir o seu desexo: crear "A Era do Home Invisible" (Para mentes curiosas e curiosas: ver páx. 122-124 da "República" de Platón: 1 PLA rep)



La filosofía

explicada a mi hija

R.P. Droit (1 DRO fil)
Breve libro en forma de entrevista (ficticia) que cumpre o seu fin de servir de introducción xeral á filosofía.



Historia de la filosofía para jóvenes



J. Weate (1 WEA his)

Sinxela introducción á historia da filosofía con numerosas e didácticas ilustracións: autores, escolas, glosario...

El universo, los dioses, los hombres. (El relato de los mitos griegos)

J.P. Vernant (292. VER. uni)

Os mitos que Vernant contaba ao seu neto cada noite. Mitos gregos vistos como contos por un dos máis recoñecidos helenistas



Unha bolsa de canicas

J. Joffo (821. FR JOF bol)

Relato autobiográfico novelado, inxustamente esquecido no estante dos intocables da biblioteca. De como dous nenos xudeos teñen que abandonar a casa paterna coma novos Hansel e Gretel para perderse polo bosque (a Francia ocupada) da bruxa (os nazis). Atoparán xente que lles axude e xente... que non.

